

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIONES:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respuestas alternativas, sendo unha a correcta. As respuestas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algúnsa e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respuestas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algúnsa resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIONES
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHIMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Sinale cal dos seguintes non é un requisito para acceder ao concurso de traslados, segundo o establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) Para persoal activo ou con reserva de praza: ter tomado posesión na praza desempeñada con un ano de antelación, como mínimo, ao remate do prazo de presentación de instancias
- B) Para persoal en situación distinta á de activo e que ostente reserva de praza: reunir os requisitos para incorporarse ao servizo activo o derradeiro día do prazo establecido para a presentación de instancias
- C) Poderá participar persoal funcionario da correspondente ou homologada categoría
- D) Os participantes deberán ostentar praza en propiedade na mesma categoría, especialidade e modalidade, que se atopen desempeñando ou da que teñan reserva de praza nas institucións sanitarias de calquera sistema de saúde

2. Segundo a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, é o órgano colexiado asesor das Administracións Públicas na formulación das políticas de prevención e órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo:

- A) A Inspección de Traballo e Seguridade Social
- B) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo
- C) O Comité de Seguridade e Saúde
- D) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

3. Segundo o establecido na Lei Xeral de Sanidade, en materia de sanidade, son competencias exclusivas do Estado:

- A) control sanitario de industrias, actividades e servizos, transportes, ruidos e vibracións
- B) control sanitario de cemiterios e policía sanitaria mortuoria
- C) a sanidade exterior e relacións e acordos sanitarios internacionais
- D) control sanitario da distribución e subministración de alimentos, bebidas e demás produtos, directa ou indirectamente relacionados co uso ou consumo humanos, así coma os medios do seu transporte

4. Sinale a resposta incorrecta, segundo o definido no Estatuto de Autonomía de Galicia, respecto ao Parlamento de Galicia:

- A) o Parlamento de Galicia é inviolable
- B) o Parlamento de Galicia será elixido por un prazo de 4 anos
- C) o Parlamento estará constituido por deputados elixidos por sufraxio universal
- D) os deputados estarán suxeitos a mandato imperativo

5. Dacordo co establecido no Estatuto Marco, con respecto á clasificación do persoal estatutario dos servizos de saúde, sinale cal das seguintes opcións é incorrecta:

- A) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase únicamente respecto ao nivel de titulación esixido para o ingreso
- B) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo á función desenvolvida, ao nivel de titulación esixido para o ingreso e ao tipo de nomeamento
- C) O persoal estatutario dos servizos de saúde, atendendo ás súas funcións e ao nivel de titulación esixido para o ingreso, clasifícase en persoal estatutario sanitario e personal estatutario de xestión e servizos
- D) O persoal estatutario dos servizos de saúde, atendendo ao tipo de nomeamento, clasifícase en persoal estatutario fixo e persoal estatutario temporal

6. Respecto do establecido no Capítulo Primeiro do Título I da Constitución Española, sinale cal é a resposta correcta:

- A) en casos excepcionais poderase privar a un español da súa nacionalidade
- B) os estranxeiros non poderán gozar en España das liberdades públicas
- C) soamente os españois titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, agás o que, atendendo aos criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o derecho de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais
- D) o Estado non poderá concertar tratados de doble nacionalidade cos países iberoamericanos ou con aqueles que tiveran ou teñan unha particular vinculación a España

7. O persoal estatutario ten unha serie de dereitos e deberes recollidos no Capítulo IV do Estatuto Marco. Dos seguintes, sinale cal non é un derecho recollido en dito Estatuto:

- A) Dereito ao encadramento no Réxime Xeral da Seguridade Social
- B) Dereito á acción social
- C) Dereito a recibir asistencia e protección das Administracións Públicas e servizos de saúde no exercicio da súa profesión ou no desempeño das súas funcións
- D) Dereito a exercer a súa profesión ou desenvolver o conxunto das funcións que correspondan ao seu nomeamento, praza ou posto de traballo con lealtade, eficacia e con observancia dos principios técnicos, científicos, éticos e deontolóxicos que sexan aplicables

8. Segundo o establecido na Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no ámbito sanitario, sinale o órgano encargado de promover e impulsar as actuacións dos profesionais sanitarios para a detección precoz da violencia de xénero:

- A) A administración sanitaria, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde
- B) O Consello Estatal de Prevención da Violencia de Xénero
- C) A administración educativa, segundo as súas funcións de formación neste ámbito
- D) O Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller

9. Dacordo ao establecido na Lei de Saúde de Galicia, unha das seguintes opcións non ten a condición de autoridade sanitaria:

- A) os xerentes das áreas sanitarias
- B) o Consello da Xunta de Galicia
- C) os alcaldes e alcaldesas
- D) o persoal que leve a cabo funcións de inspección, no desempeño das súas funcións

10. Sinale cal das seguintes competencias non corresponde á Consellería de Sanidade, segundo o establecido na Lei de Saúde de Galicia:

- A) a definición e establecemento dos obxectivos relativos aos dereitos da cidadanía e a súa comunicación e garantía
- B) a aprobación do anteproxecto de presupuesto do Servizo Galego de Saúde e dos correspondentes a outras entidades con persoalidade xurídica propia adscritas á Consellería de Sanidade
- C) a aprobación da estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde
- D) a elaboración do proxecto do Plan de Saúde de Galicia e a súa remisión ao Consello da Xunta de Galicia

Preguntas de reserva

1. Respecto do establecido na Lei de Saúde de Galicia, sinale cal das seguintes afirmacións é falsa no relativo aos distritos sanitarios:

- A) son divisións territoriais das áreas sanitarias
- B) no Sistema Sanitario Público de Galicia configúranse trinta distritos sanitarios
- C) cada distrito sanitario contará cun hospital no seu ámbito xeográfico
- D) constitúen o marco de referencia para a coordinación de dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria

2. Respecto do establecido sobre a xornada de traballo no Estatuto Marco, sinale cal das seguintes afirmacións é falsa:

- A) A xornada complementaria ten a condición e o tratamento establecido para as horas extraordinarias
- B) A duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e á xornada ordinaria será de 48 horas semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo semestral, agás que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo
- C) Sempre que a duración dunha xornada exceda de seis horas continuadas, deberá establecerse un período de descanso durante a mesma de duración non inferior a 15 minutos
- D) Cando se tivera disfrutado dos períodos mínimos de descanso diario establecidos no Estatuto Marco, terase dereito á súa compensación mediante descansos alternativos cuxa duración total non poderá ser inferior á redución experimentada